



FANNY GARRIDO

UN PERCORRIDO POLA SÚA VIDA E POLOS SEUS VERSOS MUSICADOS



CHARLA-CONCERTO

Auditorio da sede da Real Academia Galega

Rúa Tabernas, 11. A Coruña, luns 11 de setembro de 2017 ás 19:00 h



XUNTA DE GALICIA



Retrato de Fanny Garrido, por Paul Berthier (París)
© Arquivo da Real Academia Galega

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia incorporou este ano ao Calendario do Libro e da Lectura a celebración do centenario do pasamento de Fanny Garrido, figura de finais do século XIX que, como tantas mulleres do seu tempo, realizou un labor literario e social silandeiro, que aínda é hoxe escasamente coñecido e aínda menos recoñecido no ámbito xeral. Con esta charla-concerto, organizada pola Secretaría Xeral de Cultura coa colaboración da Real Academia Galega, redescubrimos esta escritora e tradutora, activista da cultura e do desenvolvemento educativo e social, ao tempo que gozamos da escoita dos seus versos, que son parte do patrimonio literario-musical de Galicia.

Neste serán coñeceremos algúns datos básicos da súa traxectoria da man de Laura Touriñán Morandeira, estudosa de Marcial del Adalid, con quen Fanny compartiu boa parte da súa vida ata o falecemento do compositor, nunha conversa conducida pola xornalista Isabel Bugallal. Como peche, Susana de Lorenzo e Alejo Amoedo interpretarán os poemas galegos creados por Fanny Garrido e musicados por Marcial del Adalid.

Unha pequena homenaxe á achega de *Eulalia de Liáns* á creación literaria en lingua galega de finais do XIX e comezos do XX.



Retrato de María del Adalid, doadora do Fondo Adalid en 1929
© Arquivo da Real Academia Galega

☺ FANNY GARRIDO, PERSONAXE ILUSTRE DA NOSA HISTORIA

Este outono cúmprese o centenario do falecemento da escritora galega e non sempre o suficientemente recoñecida, Fanny Garrido.

De ascendencia española-mexicana, nace na cidade da Coruña o 30 de outubro de 1842, froito do matrimonio entre o Primeiro Médico do Hospital Militar da Coruña, Francisco de Borja González Garrido del Amo, natural de Vilafranca do Bierzo, e de Josefa García Cuenca, natural de México. Ao cuarto día do seu nacemento, foi bautizada na igrexa parroquial de Santa María do Campo, co nome de Francisca Claudia Josefa Antonia González-Garrido y García.

Igual cás súas irmás maiores, Ana e Enriqueta, Fanny gozou dunha exclusiva educación que lle proporcionou unha sólida cultura e dominio de varias linguas; tamén as súas incesantes viaxes por Centroeuroa determinaron o seu don de xentes, o seu saber estar e a súa visión progresista das necesidades sociais e culturais da súa época, que a converteron nunha muller —pioneira, rompedora e avanzada ao seu tempo— que refulxía con luz propia alá onde ía. Todo iso reflicítese na súa obra literaria, pois, máis aló das súas prestixiosas novelas asinadas baixo o pseudónimo de Eulalia de Liáns —*Escaramuzas* (publicada en Madrid, en 1885), *La madre de Paco Pardo* (na mesma cidade, en 1898) e *Batallas* (inédita)—, os títulos dos seus ensaios, artigos de prensa e obras literarias menores dan testemuño da súa preocupación e implicación coa problemática social do seu tempo, así como da súa devoción pola cultura e polo folclore galego, por exemplo: o seu conto «Jaque-mate» (1887), publicado en *El Correo Gallego*; «La fiesta de la patrona» (1887), «La situación agrícola» (1887) e «Los infinitamente pequeños» (1892), publicados na revista *Galicia* de Andrés Martín Salazar; «El problema de la mendicidad» (1909) e «De cómo se salvan las vidas en la primera infancia» (1912), escritos en calidade de vogal do Consello Superior de Protección á Infancia; «Sueños, ideales, realidad» (1913) como vicepresidenta do Centro Iberoamericano de Cultura Popular



Feminina; etc. Por último, non é posible lembrar a súa traxectoria literaria sen facer mención ás súas traducións ao castelán de obras alemás, como, por exemplo, *Viaje a Italia* (1891) de Goethe, que inclúe un limiar crítico.

O enaltecemento da súa innegable beleza é unha loa reiterada polos seus biógrafos e isto corrobórase con cada un dos poucos retratos que dela temos. Na nosa hemeroteca galega, Isabel Martínez Barbeito describe así a elegancia da súa presenza: «tenía ojos azules, grandes y dulces, fino cutis, un rostro de rasgos armoniosos; el pelo rubio peinado, de adolescente, en bucles y más tarde en bandos sencillamente recogido en la nuca; todo ello aderezado con un aire de gran señora». Tal foi o eco da súa fermosura, que ata o noso tempo chega a lenda de que a raíña Isabel II, na súa viaxe a Galicia en 1858 para a inauguración do ferrocarril que unía a cidade da Coruña con Madrid, cruzouse con Fanny —aínda nova— e, impactada



© Arquivo da Real Academia Galega

pola súa beleza, mandouna chamar e, ao despedirse, ofreceuse a ser a súa madriña de voda. Esta anécdota, que é clásica da crónica coruñesa, ten visos de ser certa xa que o 16 de xuño de 1860 Fanny Garrido contraeu matrimonio co eximio compositor galego Marcial del Adalid y Gurrea, na capela-oratorio do pazo da Capitanía Xeral na Coruña, e constan como padriños do casamento insignes personalidades da nobreza española enviadas especialmente en representación da monarca.

A vida deste matrimonio desenvolveuse entre Madrid e a súa residencia en Oleiros con intermitentes estadias no estranxeiro, especialmente na capital francesa. Nesta *granxa* —como lle chamaba o mestre Adalid ao seu pazo de Lóngora— eran tradición os seráns rodeados de amigos artistas e intelectuais: Emilia Pardo Bazán, Sofía Casanova, os pintores Taibo e Lloréns, Pan de Soraluce, Alfredo Tella, Pérez Lugín... Foi este lugar tamén escenario de inspiradas composicións como *Cantares*



Retrato de Fanny Garrido coa súa filla, María del Adalid
© Arquivo da Real Academia Galega

viejos y nuevos de Galicia (1877-1881), obra que funde o talento destes dous creadores en fermosas melodías galegas que recollen a máis pura esencia da nosa terra, como o expresou a Condesa de Fenosa: «la exquisita sensibilidad del autor le ayudó a entender y expresar el contenido de la música de nuestras tierras, semi-guerrera, religiosa al modo vago y panteístico de los celtas, y sobre todo —lo han reconocido cuantos la oyeron— melancólica, velada como nuestro cielo, quejosa como nuestros pinares y como el oleaje de nuestro mar de Cantabria. Con sumo tacto acertó Adalid a conservar a los cantares gallegos su idílica sencillez, su campestre frescura, sin robarles el color y el sabor regionales, sin profanarlos con adornos que así sientan al arte del pueblo, cual flores de trapo sobre un arbusto lozano y natural».

Cómpre mencionar aquí o feito posiblemente máis importante, e quizais menos coñecido, de toda a traxectoria de Fanny Garrido: o 29 de decembro de 1883 ten lugar o acto constitucional da Sociedade de Folk-Lore Galego, na rúa Tabernas nº 11, casa egrexia onde nos atopamos. No seu compromiso con Galicia, acompañando a presidenta e promotora, Emilia Pardo Bazán, figura Fanny Garrido como socia fundadora na xunta inaugural da institución, sendo ambas as dúas as únicas mulleres participantes, fronte a unha maioría masculina. Posteriormente estaría presente tamén na primeira listaxe xeral dos “folkloristas considerados como socios fundadores” da “Academia Gallega”, desta vez a carón doutras galegas ilustres como Filomena Dato, Joaquina Otaño, Matilde Frade ou Francisca Fernández Vaamonde, entre outras. É debido á súa contribución nestes sucesos históricos que foi nomeada académica correspondente da Real Academia Galega o 15 de setembro de 1905.

Do seu matrimonio con Marcial nacería unha filla, María de los Dolores Francisca del Adalid y González Garrido (1874-1930), única herdeira, que ao termo da súa vida lle entregaría xenerosamente as bibliotecas de música e medicina da súa familia á Real Academia Galega. Este legado bibliográfico orixinariamente privado, hoxe coñecido como Fondo Adalid, destaca pola riqueza e singularidade das súas pezas; e este acto de doazón foi conmemorado e agradecido pola institución co seu nomeamento como académica de honra o 5 de marzo de 1929.

Tras seis anos de viuvez, Fanny Garrido contraería matrimonio co prestixioso catedrático e químico lucense José Rodríguez Mourelo. Rodeada de homes de ciencia —como Ramón y Cajal, Echegaray ou Torres Quevedo, entre outros— e implicada na beneficencia e no mecenado, pasou esta segunda etapa da súa vida asentada en Madrid, polo que Lóngora quedou como residencia estival. Chega ao seu fin a súa vida o 11 de novembro de 1917 na capital, nova que foi recollida pola prensa nacional con gran pesar, ao perder a sociedade unha das súas máis carismáticas e distinguidas damas.

Laura Touriñán Morandeira

Universidade de Santiago de Compostela

Ami Maria

CANTARES VIEJOS Y NUEVOS

DE GALICIA

COLECCION

MELODIAS

PARA CANTO Y FIANDO

POR

Marcial del Adalid.

(2.ª SERIE.)

Cada tomo de

Pagos 5 Céntos

Propiedad del autor

EDITORES CANITO BEREÁ Y C.ª LA CIGÜERA.

Real nº 58.

No gíbalos para fuera de España.

PROGRAMA

Mostra do Fondo Marcial del Adalid da Real Academia Galega

Arredor de Fanny Garrido, conversa de ISABEL BUGALLAL (xornalista)
con LAURA TOURIÑÁN MORANDEIRA (musicóloga especialista na vida e obra
de Marcial del Adalid)



CONCERTO

SUSANA DE LORENZO (soprano)
e ALEJO AMOEDO (piano)



Bágoas e soños
Frouseira, triste Frouseira
Canto de berce
A bordo
Mondariz
iPesoulle!
A sorte
A noite de san Xoán



Textos: FANNY GARRIDO
Música: MARCIAL DEL ADALID

Colaboran:



REAL
ACADEMIA
GALEGA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE ECONOMÍA, INDUSTRIA
Y COMPETITIVIDAD



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



Fondos documentais de música nos arquivos civís de Galicia (1875-1951): Cidades do Eixo Atlántico (REF: HAR2015-64024-R) é un I+D+i financiado polo MINECO mediante unha axuda con Fondos FEDER da Unión Europea.

Promove:



XUNTA
DE GALICIA